

PROLOGO

GALICIA VIAXE Ó PASADO, do profesor Pedro Fernández Núñez, é un proxecto editorial por parte da Deputación de Pontevedra moi valioso, atractivo, de gran calidade social e que se leva a cabo neste traballo de 25 capítulos, escrito por un profesor universitario galego. Contén datos e referencias tomadas de arquivos, bibliotecas e doutros centros de información non só de Galicia senón tamén de fóra da nosa terra. Un libro que está escrito nunha linguaxe sinxela e ó alcance de tódolos públicos. Cun estilo seductor, ameno, que servirá para coñecer-lo noso pasado e que non queda no clásico manual de historia senón que será un traballo indispensable para aquela persoa que queira percibir en profundidade o pasado colectivo, a nosa economía pasada e presente e a nosa cultura. Non é só unha relación de personaxes, datas, lugares que non servirían por certo para moito, senón que é un traballo ben ordenado e distribuído que nos proporciona a nosa realidade como pobo extraordinario que foi e será, a nosa biografía colectiva.

Ó lelo sentirémonos orgullosos de sermos galegos, ó coñecer cómo foi e é Galicia e está escrito por tódolos galegos que nos precederon, polos nosos antepasados, onde están efectivamente as raíces da Galicia actual.

Durante anos e anos o noso pobo esculpiu co seu propio sangue, ás veces, estes capítulos que seguen, unha epopea, unha xesta, na que hai algúns piares básicos que a substantan e lle dan altura. A heroica defensa dos galegos fronte á invasión latina, hai 2000 anos, a rebelión dos irmandiños no crepúsculo da Idade Media, ou a sanguenta e valente defensa dos coruñeses fronte a DRAKE, a recuperación de Vigo en mans dos franceses. Para percibi-lo orgullo de ser galego hai que saber e comprende-la nosa propia historia, unha historia que se revive, que se resucita neste libro. coñecermos-lo pasado poderemos enfrontar con máis ilusión o noso futuro colectivo. E este é o fin que perseguíu a Deputación ó editar este libro divulgador da historia de Galicia, unha Galicia que canto máis se coñece máis se ama.

Na Galicia actual pódese ver en medio da nebulosa do tempo a Galicia dos hórreos, das meigas, da santa Compañía, dos afiadores, das pallozas, de tantos e tantos ritos e lendas, unha Galicia distinta, diferente, entrañable. Non podemos esquecer este gran capital que nos trasmiten as xeracións que nos precederon con historias e relatos que se contaban nas longas noites do chuvioso inverno galego, ó carón do lume da lareira. Historias que se transmiten de boca en boca. Agora na Galicia do Internet e da TV, e dos teléfonos móbiles, xa non se contan as historias e as xestas dos nosos antepasados, pero non descoñezámo-lo noso pasado, o pasado dunha Galicia como entre máxica e misteriosa.

A historia colectiva ha de perdurar no presente e no futuro, porque aí están os fundamentos de Galicia, os nosos mitos, os nosos costumes, as nosas tradicións.

Unha Galicia cunha terra e unha paisaxe tan singular, e hai que ver cómo inflúe na nosa vida a xeografía. Unha terra cunhas vilas diseminadas, dispersas por todo o noso territorio, a metade do total das vilas de España. Sentémonos pois para ve-lo paso da historia a través das páxinas deste libro.